

Enquisa de poboación activa. Primeiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2010 a taxa de paro sitúase no 15,5%

Activos

No primeiro trimestre de 2010 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.384.900 persoas, das cales 1.297.700 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 54,4%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos diminúe en 9.600 persoas o que provoca unha redución de catro décimas na taxa de actividade.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos diminúe en 33.400 persoas e a taxa de actividade baixa 1,4 puntos.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.384,9	-1,1	0,0	-2,6	-0,1
Activos	1.297,7	-9,6	-0,7	-33,4	-2,5
Ocupados	1.097,1	-41,8	-3,7	-71,4	-6,1
Parados	200,6	32,2	19,1	37,9	23,3
Inactivos	1.087,2	8,4	0,8	30,8	2,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina diminúe catro décimas con respecto ao cuarto trimestre de 2009 e sitúase no 61,7%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina diminúe tres décimas ata acadar o 47,8%.



Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación activa					
Total	1.297,7	-9,6	-0,7	-33,4	-2,5
Homes	702,4	-5,8	-0,8	-17,2	-2,4
Mulleres	595,3	-3,7	-0,6	-16,2	-2,6
Taxa de actividade					
Total	54,4	-0,4	-	-1,4	-
Homes	61,7	-0,4	-	-1,4	-
Mulleres	47,8	-0,3	-	-1,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación baixa en 41.800 persoas no trimestre ata situarse nos 1.097.100 ocupados. A taxa de ocupación diminúe 1,7 puntos no primeiro trimestre de 2010 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 71.400 persoas o que supón unha redución do 6,1% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de homes ocupados (24.100 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (17.600 menos). Ao permanecer estable a poboación total de 16 ou máis anos, isto tradúcese nun descenso de 2,1 puntos na taxa de ocupación masculina e 1,4 puntos na feminina.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2009, o número de homes ocupados descende en 37.700 persoas e o de mulleres ocupadas en 33.700. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 5,9% e do 6,3% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galica. Primeiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.097,1	-41,8	-3,7	-71,4	-6,1
Homes	600,0	-24,1	-3,9	-37,7	-5,9
Mulleres	497,1	-17,6	-3,4	-33,7	-6,3
Taxa de ocupación					
Total	46,0	-1,7	-	-2,9	-
Homes	52,7	-2,1	-	-3,2	-
Mulleres	39,9	-1,4	-	-2,7	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos diminúe en 16.300 persoas no trimestre, e sitúase en 734.100. Os ocupados na industria baixan en 10.800 persoas ata os 172.100. A construción perdeu 8.700 traballadores e a agricultura e pesca 6.000.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na industria cae un 17,4%, na agricultura e pesca un 10,8%, na construción un 3,6% e nos servizos un 2,8%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.097,1	-41,8	-3,7	-71,4	-6,1
Agricultura e pesca	82,6	-6,0	-6,8	-10,0	-10,8
Industria	172,1	-10,8	-5,9	-36,3	-17,4
Construción	108,3	-8,7	-7,4	-4,1	-3,6
Servizos	734,1	-16,3	-2,2	-21,0	-2,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 865.400 asalariados no primeiro trimestre de 2010, 655.600 con contrato indefinido e os 209.900 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 20.500 asalariados menos con contrato temporal, o que supón unha caída do 8,9%. O número de asalariados con contrato indefinido baixou en 6.300 persoas (un 1% menos). No que

respecta á variación interanual, os asalariados con contrato temporal diminuíron un 15,6% e os con contrato indefinido un 0,2%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, baixa 1,6 puntos neste trimestre e chega ao 24,3%.

**Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia.
Primeiro trimestre de 2010**

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	865,4	-26,9	-3,0	-40,5	-4,5
Contrato indefinido	655,6	-6,3	-1,0	-1,6	-0,2
Contrato temporal	209,9	-20,5	-8,9	-38,8	-15,6
Taxa de temporalidade	24,3	-1,6	-	-3,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No primeiro trimestre de 2010 Galicia conta con 200.600 parados, 32.200 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 19,1%. A taxa de paro sobe 2,6 puntos e sitúase no 15,5%.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2009, o número de parados aumenta en 37.900 persoas (un 23,3%) e a taxa de paro 3,3 puntos.

Este trimestre o paro sobe máis entre os homes (18.300 parados máis) que entre as mulleres (13.900). O número total de homes parados é de 102.400 e o de mulleres 98.200. A taxa de paro masculina aumenta 2,7 puntos e sitúase no 14,6% e a feminina 2,4 puntos ata o 16,5%.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementábase en 20.500 persoas entre os homes (un 25% máis) e 17.500 entre as mulleres (un 21,7% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2010
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación parada						
Total	200,6	32,2	19,1	37,9	23,3	
Homes	102,4	18,3	21,8	20,5	25,0	
Mulleres	98,2	13,9	16,5	17,5	21,7	
Taxa de paro						
Total	15,5	2,6	-	3,3	-	
Homes	14,6	2,7	-	3,2	-	
Mulleres	16,5	2,4	-	3,3	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos grupos de idade, no primeiro trimestre de 2010 o número de parados de 25 a 54 anos subiu en 27.400 persoas (un 22,2% máis que no cuarto trimestre de 2009). Os parados de 16 a 24 anos incrementáronse en 2.900 persoas (un 9,1%) e os de 55 ou máis anos en 2.000 persoas (un 15,6%).

Poboación parada segundo a idade. Galicia. Primeiro trimestre de 2010
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	200,6	32,2	19,1	37,9	23,3
De 16 a 24 anos	34,9	2,9	9,1	2,5	7,7
De 25 a 54 anos	150,9	27,4	22,2	33,8	28,9
De 55 ou máis anos	14,8	2,0	15,6	1,7	13,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No primeiro trimestre de 2010, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados aumenta en 11.500 fogares ata acadar os 60.800.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados baixa en 27.700. O número de fogares nesta situación é de 562.800.



Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Miles de vivendas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.014,0	3,7	0,4
Fogares con polo menos un activo	735,1	-1,0	-0,1
Todos os activos son ocupados	562,8	-27,7	-4,7
Todos os activos son parados	60,8	11,5	23,3
Con ocupados e parados	111,5	15,2	15,8
Fogares nos que non hai ningún activo	278,9	4,7	1,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Información provincial

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Galicia e provincias. Primeiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación de 16 ou máis anos	2.384,9	980,3	305,3	288,5	810,8
Activos	1.297,7	552,1	153,1	139,9	452,6
Ocupados	1.097,1	475,3	135,8	116,7	369,4
Parados	200,6	76,8	17,3	23,3	83,2
Inactivos	1.087,2	428,2	152,2	148,6	358,2
Taxa de actividade	54,4	56,3	50,1	48,5	55,8
Taxa de ocupación	46,0	48,5	44,5	40,4	45,6
Taxa de paro	15,5	13,9	11,3	16,6	18,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&tema=1020&actividad=9&idioma=ga>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>